

MESA SECTORIAL DO DÍA 1 DE XUÑO DE 2022

1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 22 E 29 DE MARZO E O DÍA 26 DE ABRIL DE 2022.

Apróbanse as actas da sesións referidas unha vez feitas as alegacións por parte das Organizacións Sindicais.

2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DE MODIFICACIÓN DA ORDE DO 7 DE XUÑO DE 2018 POLA QUE SE DITAN NORMAS PARA A ADXUDICACIÓN DE DESTINO PROVISIONAL ENTRE O PERSOAL DOCENTE (CADP).

ANPE Galicia amosa o seu desconcerto ante as instrucións publicadas no día de onte no portal da Consellería de Educación e esiximos a paralización da súa publicación no DOG mentres non sexa negociada nesta Mesa Sectorial.

Solicitamos que se teñan en conta os dereitos do persoal con destino nos centros no curso actual e os de quen obteña destino neses centros para o vindeiro curso no referido á elección de horario e grupos. ANPE Galicia amosa as súas dúbidas sobre a legalidade de convocar claustros no mes de xullo onde se exclúa persoal con destino no centro nese momento e permitindo a participación de docentes sen destino no centro pero con previsión de obtelo no seguinte curso.

En relación a modificación proposta da **Orde que regula o CADP** e tras a exposición de motivos e xustificación por parte da Administración, desde ANPE Galicia consideramos razoable a modificación dos prazos presentados para axustalos á realidade dos centros tras a supresión das probas extraordinarias no mes de setembro e a previsión de inicio de curso contemplada no calendario escolar do curso 2022-2023. ANPE Galicia solicita que se indique en que datas se producirá a convocatoria do CADP para poder implantar estas modificacións. **A Administración comunica que prevé a apertura da participación no CADP con anterioridade ao 15 de xuño.**

ANPE Galicia demanda, ante a próxima convocatoria do CADP, o establecemento dunha regulación clara sobre as materias afíns que evite situacións de difícil xustificación vividas en cursos anteriores. ANPE propón un axuste da asignación das materias afíns en función da formación e capacidades do profesorado. **A Administración amósase contraria á regulación das materias afíns xustificando que isto levaría a un incremento de interinidades de xornada reducida.**

3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE DE CONVOCATORIA DE CONCURSO DE MÉRITOS ESPECÍFICO PARA CUBRIR POSTOS DE PERSOAL DOCENTE EN PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU A PROGRAMAS ESPECÍFICOS DESTA CONSELLERÍA.

ANPE Galicia considera que non deben establecerse convenios con entidades privadas. No caso de dotación de persoal para convenios con outras Administracións Públicas ANPE demanda que o custe de dito persoal sexa asumido pola Administración correspondente e non recaia nos orzamentos da Consellería de Educación.

En relación ao artigo 2, ANPE Galicia non entende por que en determinadas convocatorias se abre a participación ao profesorado interino aducindo á normativa europea e nesta convocatoria en concreto non se lle permita. Neste senso ANPE Galicia demanda que se dea prioridade, en todo caso, ao profesorado funcionario de carreira, na mesma liña que mantemos noutro tipo de convocatorias (como humanitarias e conciliais) e deben adxudicarse dentro de colectivo. No caso de darse unha praza a profesorado interino dita praza debe revisarse ano a ano, pero non deben deixarse prazas sen cubrir.

ANPE Galicia reclama que se abra a participación ao profesorado en prácticas. **A administración abrirá a participación ao persoal en prácticas pero non ao persoal interino, xa que non é posible coñecer se un determinado aspirante seguirá tendo dereito a unha interinidade durante o prazo de resolución das prazas convocadas nesta orde.**

No artigo 3 desde ANPE Galicia demandamos que se indiquen explicitamente os requisitos de formato do proxecto de traballo ao igual que acontece noutras Ordes similares e unha indicación dos puntos que debe tratar e recoller. Demandamos que a comisión de selección teña un marcado carácter técnico así como a eliminación da entrevista. **A Administración non vai a eliminar a entrevista.**

ANPE Galicia demanda que no proxecto a redución da puntuación mínima esixida para a súa superación de 4 a 3 puntos. Tamén demandar que se teñan en conta as fraccións inferiores a un ano na valoración da antigüidade. **A Administración non vai incorporar modificacións ao procedemento e ao baremo presentados.**

ANPE Galicia reclama que se axusten as vacantes ofertadas as necesidades reais dos centros, en concreto as referidas á escola de especialidades fundamentais da Estación Naval de A Graña, onde o centro nos indica que precisan 1 praza de FOL e dúas de Navegacións e instalacións mariñas, no canto de 3 e 1, como se recolle na orde.

4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROPOSTA DE ADDENDA POLA QUE SE ENGADE UNHA DISPOSICIÓN TRANSITORIA AO ACORDO DO 20 DE XUÑO DE 1995, POLO QUE SE REGULA O ACCESO E AS CONDICIÓN DE TRABALLO DO PERSOAL DOCENTE INTERINO E SUBSTITUTO.

Tendo en conta as expectativas dun número importante de interinos de obter praza no proceso extraordinario de estabilización, desde ANPE Galicia consideramos razoable asinar unha addenda que permita a permanencia nas listas sen presentarse aos procedementos selectivos do ano 2022 ao persoal interino e substituto.

5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- ANPE Galicia solicita que se de a coñecer a distribución dos aspirantes nos diferentes tribunais e as datas, horas e lugares de realización das probas dos procedementos selectivos. **A Administración prevé a publicación dos tribunais o día 3 e os lugares de realización das probas daranse a coñecer o 8 ou 9 de xuño. Confirma que para o corpo de mestres o acto de presentación será o día 18 de xuño ás 9 horas. A primeira parte da primeira proba será ese mesmo día ás 11:00 horas e a segunda parte da primeira proba ás 17:00. No resto de corpos o acto de presentación será o día 19 ás 9 horas e a primeira parte da primeira proba ese mesmo día ás 11:00 horas. A data e hora da segunda parte da primeira proba será determinada por cada tribunal. Os tribunais deberán ter rematado o procedemento selectivo con data de 19 de xullo.**
- ANPE Galicia reclámalle á Administración que cumpra o compromiso adquirido de actualizar as datas de cumprimento dos trienios e sexenios, así como o seu recoñecemento a efectos económicos, ao persoal ao que se lle recoñeceron como servizos prestados días de vacacións non gozadas. **A Administración non se compromete a unha data se ben mantén o compromiso de executalo no momento que sexa posible.**
- ANPE Galicia solicita que se informe sobre a convocatoria de prazas de asesorías e CAFI. **A Administración resposta que non está prevista a súa convocatoria este ano.**

MESA SECTORIAL



- ANPE Galicia demanda información sobre a implantación da figura da persoa coordinadora do acoso e violencia nos centros educativos.
- ANPE Galicia demanda que se traslade a Función Pública a necesidade de actualizar as compensacións económicas por gastos de locomoción debido ao incremento dos custos asociados aos combustibles.
- ANPE Galicia demanda coñecer como se ten previsto o inicio do curso nos conservatorios profesionais e superiores ante a execución de diversas sentencias xudiciais. **A Administración indica que prevé executar a perda da condición de catedráticos con efectos a 1 de setembro e as persoas implicadas volverán aos seus destinos do corpo de profesores de música, se ben, estase a espera da resolución doutros incidentes de execución de sentenza. Prevese a publicación de 15 vacantes correspondentes ao nivel 24 no CADP nos conservatorios superiores.**